

BASES DO PROGRAMA “TI TAMÉN CONTAS” 2014

No artigo 2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, defínense os servizos sociais como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos marcados nesta lei. Así mesmo, os poderes públicos fomentarán, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por parte de entidades de iniciativa social, sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na citada lei.

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Servizos Sociais e Promoción de Emprego, convoca unha nova edición do programa “Ti tamén contas”, atendendo ó alto nivel de satisfacción que amosan as enquisas dos participantes no programa en edicións pasadas, o cal cualifican de altamente positivo.

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da convocatoria pública por parte da Deputación de Pontevedra relativa ó programa “Ti tamén contas”, que ten por finalidade fomentar o envellecemento activo e mellorar a calidade de vida das persoas, establecendo novas relacións sociais e favorecendo a participación en actividades que elevan o seu estado anímico, potenciando movementos de participación e cooperación social, promovendo espazos de encontro e intercambio de experiencias e a súa independencia evitando o illamento e as situacións de soidade.

Segunda. Beneficiarios

Poderán participar todas as entidades de maiores, pensionistas e xubilados; así como as asociacións de veciños ou outras entidades de iniciativa social que traballen no eido do maior.

Non poderán cursar solicitude as entidades de mulleres (independentemente das súas vogalías) dado que existe un programa específico para este colectivo: “Pensa en ti”.

Todos os obradoiros ofertaranse para a poboación de Pontevedra en xeral, tendo preferencia as persoas socias da entidade solicitante.

No caso de que non se cubra o total de prazas con persoas co perfil ó que se refire o programa (maiores, pensionistas, xubiladas, etc.; socias ou non socias), poderán admitirse outras con diferente perfil ata esgotarse as prazas.

Terceira. Lugar e prazo de presentación de solicitudes

Rexistro xeral da Deputación:

- Sede de Pontevedra: avda. Montero Ríos, s/n (de luns a sábado)
- Sede de Vigo: rúa Oporto, 3 (de luns a venres)

Tamén se poderán presentar por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e no artigo 80 do R. d. 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

No caso de se enviar por correo deberá ser certificado co selo de Correos no formulario de solicitude para garantir que a data de remisión está incluída no prazo de presentación de solicitudes da orde de convocatoria.

O prazo de inscrición será de 30 días naturais a partir do día seguinte ó da publicación destas bases no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

Cuarta. Documentación

As solicitudes deberán formularse seguindo o modelo que se facilitará no Rexistro xeral da Deputación, no Rexistro da Sede de Vigo ou na páxina web da Deputación: www.depo.es

Deberanse cubrir todos os apartados da solicitude co obxecto de acreditar os fins e as actuacións da asociación en materia de maiores.

Quinta. Obrigas dos participantes

Os usuarios aboarán a cantidade de 6 euros o primeiro día do obradoiro directamente ós responsables da empresa adxudicataria ou persoa en quen deleguen, quen lles expedirá o correspondente xustificante de pagamento.

Sexta. Condicións do programa

Os obradoiros terán unha duración de 30 horas e impartiranse en xornadas de dúas horas á semana, podendo escoller a entidade solicitante se as dúas horas se fan no mesmo día ou en días alternos. Para os obradoiros de cociña e repostería a xornada semanal poderá ser ata un máximo de tres horas.

O número mínimo de persoas para levar a cabo cada obradoiro será de 15 alumnos. De non obterse esta cifra a actividade quedaría anulada. O máximo de alumnos virá determinado pola especialidade do obradoiro, sendo por norma xeral 25 (ver catálogo).

A entidade solicitante autorizará á Deputación á publicación dos datos de contacto e enderezo no que se levará a cabo o obradoiro, co fin de que persoas que non sexan socias poidan poñerse en contacto no caso de estar interesadas.

A entidade solicitante consinte, ó se adherir a este programa, que os datos da súa solicitude e a relación de participantes queden incorporados ós ficheiros informáticos

do organismo provincial. Os datos persoais recollidos serán incorporados e tratados en ficheiros cuxa finalidade é conter os datos das persoas que participan nos programas financiados pola Deputación, inscritos na Axencia Española de Protección de Datos.

A entidade solicitante tamén consinte, ó se adherir a este programa, que os datos da súa solicitude sexan incluídos na páxina web. Así mesmo autorízase á Deputación de Pontevedra a obter imaxes da execución dos obradoiros para a difusión e a promoción do programa.

Cada entidade poderá escoller un obradoiro do catálogo ofertado, aceptando as obrigas que correspondan para cada un: características da aula, material do que debe dispor e material recomendable para o alumnado, coñecementos mínimos, etc. (ver catálogo).

A Deputación de Pontevedra ofertará os obradoiros a través dunha empresa especializada na materia, responsable da execución, coordinación e avaliación do programa.

A empresa adxudicataria achegará en cada obradoiro:

- Docentes coa titulación regulamentaria e con experiencia
- Os materiais precisos para a boa execución do obradoiro (ver catálogo)
- Carpeta co programa, folios e bolígrafo para cada participante
- Os manuais coa parte teórica para cada participante
- Polo xeral as aulas deberán contar, segundo o obradoiro escollido, con equipos audiovisuais, informáticos ou cociñas, entre outros. Só en casos excepcionais serán achegados por parte da empresa adxudicataria, sempre e cando exista a posibilidade de permanecer instalados na aula durante a execución do obradoiro, sen risco de manipulación por persoas alleas a este
- Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil

A empresa adxudicataria será a responsable de coordinar co presidente da asociación o lugar de implantación do obradoiro que esta deberá dispor, de solicitar a relación definitiva de participantes e de realizar as comunicacións precisas para informar do día, hora e lugar da súa realización.

Como norma xeral, é recomendable utilizar unha aula-obradoiro con espazo suficiente para a realización de actividades prácticas e/ou tarefas manuais, que estea debidamente acondicionada con ventilación natural, iluminación suficiente, electricidade e toma de auga. Esta aula deberá estar equipada, ademais, con mobiliario (mesas e cadeiras) para a persoa docente e as persoas participantes.

Características específicas dalgún dos obradoiros segundo áreas ou especialidades:

- Área de Cociña

Todos os obradoiros desta área disporán dun vertedoiro con toma de auga dentro do espazo destinado para as actividades prácticas, ademais de cadros eléctricos en perfecto estado, para poderlles dar uso ós aparellos eléctricos de cociña.

Tamén é recomendable que se dispoña de mesas amplas para darlle soporte ó equipamento de cociña e á elaboración de comidas.

- Área de Agricultura

Todos os obradoiros desta área disporán dun pequeno terreo para a realización de actividades prácticas fóra da aula.

- Área de Desenvolvemento Profesional

Nos obradoiros de Informática e mais Internet e correo electrónico a aula deberá estar equipada con mesas amplas e sólidas para darlles soporte ós equipos informáticos.

Ademais, no de Internet e correo electrónico será necesario que as aulas dispoñan de conexión a internet.

Unha vez concedido o obradoiro deberáselle enviar a relación definitiva dos participantes á empresa adxudicataria, cun mínimo dunha semana de antelación á súa execución, na que figurarán os nomes e apelidos dos asistentes, número de DNI e teléfono de contacto de cada un.

As persoas participantes deberán levar os materiais requiridos no catálogo para o obradoiro elixido, polo que é importante, á hora de escollelo, ter en conta os materiais dos que deben dispoñer os alumnos.

Calquera anomalía que se advirta sobre o bo desenvolvemento do obradoiro deberá ser comunicada ó Servizo de Servizos Sociais e Promoción de Emprego da Deputación de Pontevedra.

Ó seu remate farase entrega dun diploma acreditativo de boa execución a cada alumno. Para a súa obtención non se poderá superar o 15% de faltas inxustificadas e o 25% de faltas xustificadas.

Os obradoiros deberán acabar antes do 1 de abril do 2015.

Sétima. Procedemento de concesión

O órgano instrutor dos expedientes será, de acordo coa competencia para coñecer e resolver as solicitudes, o Servizo de Servizos Sociais e Promoción de Emprego e a adxudicación dependerá da Xunta de Goberno.

Dado que polo obxecto e a finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, terase en conta, se for preciso, o rexistro de entrada das solicitudes debidamente cubertas e que acheguen a documentación esixida no prazo estipulado.

Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación esixida, requiriráselle á entidade interesada para que, nun prazo máximo e improrrogable de **dez días**, emende a falta ou presente os documentos preceptivos coa advertencia de que, se así non o fixer, se considerará desistida da súa petición

Oitava. Orzamento

A contía consignada para o programa “Ti tamén contas” que se regula nesta orde ascende no ano 2014 a douscentos mil (200.000,00) euros, con cargo á aplicación orzamentaria 14/232.230-227.07 do orzamento ordinario do organismo provincial, sen prexuízo de que este crédito se amplíe.

A institución provincial establece a convocatoria de obradoiros do programa “Ti tamén contas”, no marco de actividades para as persoas maiores, xubiladas e pensionistas, ofertando inicialmente un total de 166, que poderán incrementarse en base ó prezo definitivo da empresa adxudicataria para cada un.

No suposto de que o número total de obradoiros ofertados nesta convocatoria non queden cubertos, esta institución reservarase o dereito a abrir un novo prazo de inscrición.

Novena. Publicidade

En toda a publicidade que se elabore débese facer constar a organización e a colaboración da Deputación de Pontevedra mediante a inclusión da súa imaxe institucional, de conformidade co artigo 31 do RLXS.

Para todo o relacionado coa mencionada publicidade dirixíranse ó seguinte enderezo de correo electrónico: comunicacion@depo.es

Décima. Prazo de vixencia

As bases que regulan este programa terán vixencia ata o 31 de marzo de 2015.

Décimo primeira. Lexislación aplicable

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
- Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións
- Lei 4/1993, de 14 de abril, de servizos sociais de Galicia

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases do réxime local
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común
- Bases de execución do vixente orzamento provincial